

Luz López Pérez con DNI 76708450T en nome e representación da Federación de Ensino de CCOO de Galicia con enderezo a efectos de notificación na rúa Miguel Ferro Caaveiro, 1º andar, 15703 Santiago de Compostela e dirección mail ensino@galicia.ccoo.es

EXPÓN:

Que por mor da COVID19 a OPE correspondente ao 2020, convocada pola orde de 24 de febreiro de 2020 adiou a súa celebración ao ano 2021. Esta OPE foi convocada ao abeiro do acordo para o desenvolvemento dun plan de estabilidade no emprego dos servizos públicos asinado por CCOO, entre outras organizacións e publicado en DOG o 7 de febreiro de 2018.

O Acordo de 20 de xuño de 1995 de acceso a listas de interinidades e substitucións asinado por CCOO establece que a taxa de temporalidade debe estar na contorna do 5%.

Para acadar este obxectivo faise necesario que se estableza a OPE do ano 2021, na que se teña en conta a reposición das 1200 xubilacións que se produciron ata o 31 de decembro de 2020 e as prazas necesarias para que a taxa de temporalidade se acerque ao citado 5%

Por todo isto

SOLICITA

que esa Dirección Xeral convoque unha xuntanza da Mesa Sectorial Docente non Universitaria para poder valorar a situación actual e abrir a negociación da Oferta de Emprego Público para o ano 2021 con independencia da data de execución da mesma

Santiago a 16 de novembro de 2020

Atentamente.

Asdo.: Luz López Pérez
Secretaría Xeral Federación de Ensino de CCOO



**DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN,
UNIVERSIDADES E FP.**